

Memoria en Clío

De libros, persoas e sazóns



DORINDA CASTRO SOLIÑO

Ramón Villares, catedrático de Historia Contemporánea, especialista en historia agraria e historia intelectual, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 1190 ao 1994 e actual Presidente do Consello da Cultura Galega, é, polo seu longo quefacer, persoa de referencia no eido da historia de Galiza e do mundo da cultura en xeral.

Agora vén de presentar ao prelo un Libro de título “oteriano”: *Clío nas ondas. De libros, persoas e sazóns*, editado por tresCtres na súa colección “Vilarnovo Ideas e realidades.”

O volume, de 280 páxinas, é unha recopilazón de 99 colaboracións radiofónicas que cada luns realizou o autor entre abril de 2003 e xullo de 2005 no programa *Diario Cultural* da Radio Galega.

Como di Ana Romaní no epílogo, as pezas “son froito do compromiso semanal durante case tres anos de compartir análise, coñecementos, reflexións, nun discurso necesariamente condicionado pola brevidade –aproximadamente. 3 minutos de duración- a mensaxe directa, a claridade expositiva, as esixencias en fin dun medio no que o texto se constrúe na súa dicción”.

Dada a xénese dos textos e para quen prefira o soporte audio, o libro vén acompañado dun CD pero para os lectores que desexen achegarse ás súas páxinas, cómpre dicir que o volume ofrece unha amenísima lectura pola variedade dos seus contidos (que non obedecen a unha pauta común senón a un criterio de “biodiversidade cultural”), e polas referencias eruditas históricas, literarias e cinematográficas coas que o autor acompaña a análise, reflexión e exposición de cada tema. Co pretexto da publicación de libros, exposicións, óbitos, homenaxes, celebracións, festas, conmemoracións e acontecementos de actualidade, o autor realiza un percorrido pola historia cultural máis recente do país.

Personaxes como Seoane, Javier Tusell, Vázquez Montalbán, Isabel A Católica, Álvaro Cunhal...festas como o Entroido ou o Nadal, acontecementos como vodas rexias ou a morte do Papa, efemérides como o aniversario da República ou o Día das Letras...conviven neste volume e dan idea do amplo espectro de temas que se analizan.

Clío é a musa que coida a memoria e por esta razón ten sido considerada como unha metáfora do oficio de historiador. E Ramón Villares fai os honores á musa recuperando, analizando e facendo a Historia.

VILLARES, Ramón, *Clío nas ondas*, tresCtres Ed., Ames, 2007, 285 páxinas.

